

8 de marzo 2006

Nomear en feminino evita discriminacións no traballo


A Confederación Intersindical Galega pretende con esta campaña difundir o emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.

Desde a Secretaría Confederal da Muller creemos que un dos aspectos máis importantes na loita pola igualdade real entre mulleres e homes pasa por poñer fin ao uso sexista da lingua, que non só reflicte a desigualdade entre os sexos, senón que contribúe en gran medida a reforzar esta situación.

Así, entre as accións aprobadas no Plan de acción sindical para a igualdade de oportunidades recolleemos a revisión da linguaxe que emprega a CIG, a través do persoal administrativo, da representación sindical na revisión e redacción dos convenios, e a través das persoas que de algún ou doutro xeito formamos parte da central sindical.

Porque a pesar dos avances que se produciron e que se están a producir, o certo é que no día a día seguen a asignarse roles e comportamentos diferentes aos homes e ás mulleres, algo que a linguaxe reflicte fielmente e que inflúe negativamente no avance da igualdade de oportunidades.

Esta é unha loita de toda a clase traballadora, na que todas e todos estamos implicados.



día da muller traballadora

Recomendacións de uso dunha linguaxe non sexista

A lingua non é sexista, pero si o é o uso que dela facemos. A linguaxe é o medio a través do cal nos comunicamos, polo tanto reflicte o pensamento colectivo, e con el estamos a transmitir unha gran parte da forma de pensar, sentir e actuar de cada sociedade.

A través da linguaxe estamos asumindo papeis de modo consciente e inconsciente, conformando estereotipos sexistas. O uso sexista e androcéntrico da lingua é o reflexo dunha cultura sexista e patriarcal na que se valoran as capacidades e funcións atribuídas tradicionalmente aos homes, pero non se recoñece o valor social das capacidades e funcións que se lle atribúen ás mulleres. Hai unha especie de resistencia lingüística en recoñecer o gran número de actividades desenvoladas polas mulleres, e segue a presentarse –a través dun uso lingüístico mais que consolidado– unha imaxe desvalorizada e subordinada das mulleres con respecto aos homes.

A miúdo incurrimos en sexismo lingüístico a través do uso de formas incorrectas da linguaxe, na escolla de palabras ou estruturas discriminatorias. A linguaxe sexista exclúe ás mulleres, dificulta a súa identificación ou as asocia a valoracións negativas.

O seu uso é discriminatorio e parcial, e impón barreiras arbitrarias e inxustas ao desenvolto persoal e colectivo.

A nosa central sindical non se escapa á visión sesgada da realidade. Na redacción dos convenios, na configuración

das categorías, na documentación interna, cometemos incorreccións causadas por este punto de vista androcéntrico e sexista que mulleres e homes compartimos. O certo é que hai unha nova realidade que debe ser nomeada.

No camiño cara a igualdade de mulleres e homes, a linguaxe desempeña un importante papel, e a lingua ten os recursos precisos para nomear a mulleres e homes sen ocultar a ningún e sen alterar as estruturas do idioma. Se somos capaces de facer un uso da linguaxe adecuado, lograremos representar o xénero das persoas sen discriminacións e representacións positivas nin negativas. En definitiva, trocando das nosas costumes un uso discriminatorio da linguaxe, cambiaremos a nosa concepción da realidade.

Debemos implantar unha linguaxe non sexista á hora de nomear ou escribir:

- Cargos e postos
- Títulos
- Profesións
- Categorias
- Ofertas de emprego
- Prazas para cursos de formación
- Documentación interna: fichas de afiliación, circulares ...
- Publicacións: libros, artigos, dípticos,
 - trípticos, cartaces ...
- Na redacción dos convenios colectivos.

8 de marzo

8 de marzo 2006 día da muller traballadora


Recomendacións

Usar ambos xéneros gramaticais: consignar os dous xéneros naqueles nomes que os teñen.

Adaptar o cargo ao xénero da persoa: nomear en masculino a unha muller que exerce unha labor profesional invisibiliza e conleva connotacións de ambigüidade na comunicación.

Revisar a clasificación das categorías profesionais xa que inclúense criterios especialmente axeitados para traballos tradicionalmente ocupados por homes pero non para mulleres (Exemplo, xefe de sección, peón, limpadora). As categorías profesionais désígnanse de forma exclusiva en termos masculinos, e cando aparece o xénero feminino, emprégase para denominar traballos tipicamente realizados por mulleres.

Empregar barras no caso da elaboración de documentos administrativos abertos onde se descoñece a persoa interesada, mais a arroba compre evitarse xa que é impronunciábel no plano oral e non é un signo lingüístico.



Locais CIG

Estructura	Enderezo	C.Postal	Localidade	Teléfono	Fax
S. Central	Miguel F. Caaveiro, 10	15703	Santiago	981 564300	981 571082
L. Nacional	Gregório Espino, 47-ent.	36205	Vigo	986 262679	986 262781
Vigo	Gregório Espino, 47-ent.	36205	Vigo	986 262689	986 262844
Pontevedra	Pasantería, 1 baixo	36002	Pontevedra	986 852950	986 855050
Ourense	Parque S. Lázaro, 12-4º	32003	Ourense	988 233134	988 222855
A Coruña	Alfonso Molina, s/n-6º	15008	A Coruña	981 169293	981 151539
Ferrol	E. Pondal, 41/43 ent.	15403	Ferrol	981 358750	981 358760
Santiago	Miguel F. Caaveiro, 10	15703	Santiago	981 583200	981 583934
Lugo	Ronda Muralla, 58 baixo	27003	Lugo	982 225812	982 253891
A Mariña	García Dóriga, s/n-2º	27850	Viveiro	982 561541	982 551985

Buzón xeral: cig@galizacig.com

Páxina web: <http://www.galizacig.com>



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com

emprega o

nomea

Nomear en feminino
evita discriminacións no traballo

8 de marzo
Día da muller traballadora



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com